b	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.1. Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.2. Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.</p> <ul style="list-style-type: none"> B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa. 		<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CAA
<ul style="list-style-type: none"> a 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> c m 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.3. Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.	protexen.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.5.2. Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.5.3. Razo a consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Os valores cívicos e o exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais. ▪ B3.8. Dereitos dos nenos e das nenas. Relacións entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación. ▪ B3.9. Realización e interpretación de gráficos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.6.2. Razo a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.6.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.7.2. Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			medios de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. A repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de coidado do medio e promoción de formas de vida saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.8.1. Aмосa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.8.2. Razona os motivos da conservación dos bens naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.8.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ N 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. ▪ B3.13. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.9.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.9.3. Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCT ▪ CD

5.- TEMPORALIZACIÓN

Para temporalizar os distintos contidos e aprendizaxes terase en conta o anexo IV do decreto de currículo, onde se establece a carga horaria para cada área, e o calendario escolar para o presente curso. Así mesmo, terase en conta o carácter flexible e aberto do currículo, debendo adaptar o mesmo as características do alumnado e a aquelas situacións puntuais que poidan xurdir no curso escolar.

As áreas de Lingua Galega/Castelá e Literatura e Matemáticas dividen os seus contidos en 12 unidades didácticas. Tendo en conta o carácter aberto e flexible do currículo, a temporalización establecida para as mesmas será, aproximadamente, de 4 unidades didácticas por trimestre, adicando a cada unha delas un tempo estimado de 3 semanas. Pode resumirse este aspecto do seguinte xeito:

DATAS	UNIDADES
Do 13 de setembro ao 20 de decembro do 2021	Avaliación inicial. Unidades 1-2-3-4. Repaso trimestral- 1ª avaliación.
Do 10 de xaneiro ao 8 de abril do 2020	Unidades 5-6-7-8. Repaso trimestral-2ª avaliación.
Do 19 de abril ao 20 de xuño do 2020	Unidades 9-10-11-12. Repaso trimestral- 3ª avaliación.

Por outra banda, as áreas de Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza aparecen divididas en 6 unidades didácticas, trantándoas así:

DATAS	UNIDADES
Do 11 de setembro ao 20 de decembro do 2019	Avaliación inicial. Unidades 1-2 Repaso trimestral- 1ª avaliación.
Do 8 de xaneiro ao 3 de abril do 2020	Unidades 3-4. Repaso trimestral. 2ª avaliación.

Do 14 de abril ao 19 de xuño do 2020	Unidades 5-6 Repaso trimestral. 3ª avaliación.
--------------------------------------	--

Para levar a cabo o referente a área de Educación Plástica, atenderanse os distintos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis recollidos no decreto de currículo partindo das distintas festividades e conmemoracións levadas a cabo no centro, dos intereses que poidan xurdir no alumnado e da interdisciplinariedade co resto das áreas, favorecendo así o carácter global e integrado da mesma. Así mesmo, tratarase o coñecemento de distintos pintores e se relacionará co proxecto anual do centro “Vigueando”, relacionado co coñecemento da cidade de Vigo, dándolle un carácter significativo as distintas aprendizaxes

6.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Tendo en conta os momentos nos que se leve a cabo a avaliación distinguimos:

- **Avaliación inicial**, para coñecer o punto de partida.
- **Avaliación formativa**, para coñecer os avances, logros e dificultades no momento mesmo de producirse.
- **Avaliación final**, para coñecer o nivel alcanzado ao termo de cada momento de ensino-aprendizaxe.

Para a recollida de información desta avaliación continua usaranse diferentes técnicas: observación directa e sistemática do alumnado e valoración do traballo diario, seguemento dos traballos realizados, entrevistas ou diálogos directos cos alumnos (grupais ou individuais), actividades de comprensión e expresión lectora, lóxica e cálculo, probas orais e escritas e seguemento dos cadernos do alumnado, entre outras.

Os resultados quedarán reflexados en instrumentos como o caderno do mestre, traballos orais e escritos e/ou portfolios.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A base previa sobre a cal se levará a cabo a avaliación inicial será:

- Reunión consultiva cos Mestres e titor/a de Educación Primaria do curso anterior.
- Integración da información a través da comparación dos resultados cos informes dos titores/as dos niveis anteriores.

Coa realización da avaliación inicial preténdese: establecer o nivel real do alumno/a, identificar aprendizaxes previas que marcan o punto de partida, detectar posibles necesidades, comprobar hábitos de traballo e comportamentos, atopar elementos que permitan plantexar obxectivamente axustes ou modificacións na programación e/ou establecer metas razoables.

Algús instrumentos e contidos que se valorarán na realización da avaliación inicial son: probas de expresión e comprensión oral (preguntas, entrevistas diálogos, vocabulario, construción, descripción, pronunciación ...) , probas de escritura, lectura e cálculo, datos persoais básicos, psicomotricidade grossa e fina, conceptos básicos espazo-temporais e de tamaño, forma, e cores

Para levar a cabo a avaliación do alumnado estableceremos uns **estándares de aprendizaxe prioritarios** para cada unha das áreas, que serán fundamentais e indispensables para a superación das mesmas e, polo tanto, para a **promoción** do alumnado:

Área de Ciencias da Natureza:

- Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
- Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno con criterio científico.
- Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.
- Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.
- Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.
-

Área de Ciencias Sociais:

- Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente ou por escrito.
- Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e coidando o material
- Define xeosfera, hidrosfera e atmosfera, así como aqueles aspectos básicos que arrodean ditos conceptos.
- Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.
- Define o concepto de prehistoria e historia, asociando as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.

Áreas de Lingua Castelá e Literatura:

- Expresar ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.
- Participa activamente e con coherencia na secuenciación de ideas en diversas situacións de comunicación (diálogos, exposicións...)
- Comprende de forma xeral a información de textos orais e escritos de uso habitual do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.
- Escribe textos sinxelos do ámbito escolar e social atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa: diarios, cartas, correos, noticias, contos, receitas...
- Escribe textos organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
- Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua.
- Realiza lecturas guiadas e comentadas de distintos textos narrativos.
- Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións...) a partir de pautas ou modelos dados.

Área de Matemáticas:

- Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa operacións, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións, busca outras formas de resolución...
- Le, escribe e ordena, en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas) utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división, comprobando os resultados e en contextos de resolución de problemas e situacións cotiás.
- Identifica e nomea polígonos, poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos.
- Realiza análises críticas e argumentadas sobre informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.

Área de Lingua Galega e Literatura:

- Elabora e produce textos sinxelos orais e escritos (explicacións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feiros, vivencias e as súas opinións.
- Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) axeitado a súa idade.

- Elabora textos propios da vida cotiá e académica imitando modelos: cartas, correos, receitas, contos, noticias...
- Identifica nun texto substantivos, verbos (tempos verbais), adxectivos e determinantes; así como o xénero e número.
- Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, desexos...

Área de Educación Plástica:

- Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto utilizando instrumentos, técnicas e materiais variados.
- Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, instrumentos e espazos.

Área de Valores Sociais e Cívicos:

- Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.
- Respecta e acepta as diferenzas individuais.
- Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.

Os criterios de cualificación, a pesares de ser obxectivos, adecuaranse a capacidade madurativa de cada alumno/a e ao esforzo demostrado no proceso de ensinanza aprendizaxe.

Seguiremos os seguintes indicadores:

- **Sobresaliente (9, 10):** destaca ou sobrepasa os obxectivos do seu nivel.
- **Notable (7, 8):** supera amplamente os obxectivos do seu nivel.
- **Ben (6):** consegue adecuadamente os obxectivos fixados.
- **Suficiente (5):** alcanza os mínimos esixidos.
- **Insuficiente (1, 2, 3, 4):** non acadou os obxectivos mínimos.

Así, os criterios de cualificación establecidos para a valoración desta programación serán os seguintes: **traballo de clase 40%, estándares de aprendizaxe relacionados con aspectos actitudinais nas distintas áreas (respecto, interese, motivación, coidado do materia...) 20% e probas orais e escritas 40%.**

A avaliación contínua formativa, para coñecer os logros e dificultades no momento mesmo de producirse, farase en base á observación directa e sistemática do alumnado e á valoración do traballo diario, tarefas e actividades cotiás, revisión de fichas e cadernos, etc. Ao final de cada trimestre, cada titor/a comunicará ás familias o resultado da avaliación contínua.

As actividades de **recuperación e reforzo** forman parte da avaliación contínua, polo tanto, se un alumno/a suspendera unha avaliación poderá aprobar na seguinte, sempre e cando vaia superando as actividades de recuperación e reforzo.

A avaliación final, para coñecer o nivel alcanzado ao fin de 4º curso, será a valoración do conxunto dos criterios de cualificación (tendo en conta os estándares prioritarios establecidos, así como os distintos criterios e estándares das distintas áreas).

8.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Metodoloxía xeral.

- Salientar as aprendizaxes básicas e os contidos máis relevantes para acadar as competencias.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización e aprendizaxe integrador.
- Centrarse na funcionalidade para aplicar as aprendizaxes a vida cotiá.
- Procurar que o alumno aprenda a aprender dotándoo de estratexias para iso (organización da información, esquematización, estratexias memorísticas...)
- Favorecer o traballo colaborativo.
- Fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información.

Estratexias metodolóxicas e fórmulas organizativas.

- Metodoloxía global, activa, mental e física para potenciar a construción de aprendizaxes significativas.
- Autorregulación das aprendizaxes.
- Atender á diversidade do alumnado.
- Participación activa, dinámica e cooperativa.
- Utilización da biblioteca e das TIC.

9.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Relación de libros de texto e outro material impreso para **4º nivel Ed.Primaria:**

Materia	Título	Editorial	ISBN
Matemáticas	Proyecto “Saber Hacer 2015”	Santillana	978-84-830-5609-7
L. Galega	Lingua galega 4º Trimestral CELME	S.M.	978-84-985-4526-5
Lengua Castellana	Lengua 4º “Aprender es crecer en conexión”	Ed. Anaya	978-84-698-0650-0
C.Sociais	Ciencias Sociais 4 “Aprender es crecer en conexión”	Ed. Anaya	978-84-678-8021-2
C.da Natureza	Ciencias da Natureza 4 “Aprender es crecer en conexión”	Ed. Anaya	978-84-678-8017-5
Inglés	QUEST-PUPIL’S BOOK ACTIVITY BOOK	Macmillan	978-230-734371 978-230-422902

Os recursos didácticos son importantes en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe, na educación primaria, onde os nenos e as nenas aprenden a través das distintas experiencias propias e alleas pero tamén necesitan, polo tanto, diversos materiais para desenvolver esas aprendizaxes.

Podemos distinguir os conceptos de equipamento e de material didáctico.

O equipamento podémolo entender como o conxunto de materiais, equipo e información necesarios para desenvolver a aprendizaxe.

- Materias primas: xiz, papeis, pinturas, etc.
- Utensilios para medir, cortar, unir, mesturar, etc.
- Fontes de información: láminas, carteis, plantas, etc.
- Recipientes para almacenamento: botes, bandexas, caixas de cartón, tupers, botellas plásticas,
- Instalacións para exposicións: paneis, corticeiras, etc.

O material didáctico ou recursos didácticos son todas as ferramentas necesarias que utilizan tanto os alumnos como o profesor no desenvolvemento

do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

- Materiais para o desenvolvemento do currículo, é dicir os libros de texto
- Materiais complementarios que faciliten as actividades de ensinanza-aprendizaxe. Dentro deste grupo cabe destacar: materiais impresos, materiais audiovisuais e outros materiais informáticos. Coñecendo e estruturando estes materiais, temos que organizalos en función das áreas: materiais para o coñecemento do medio, para o desenvolvemento da linguaxe, para o desenvolvemento da linguaxe matemática, para o desenvolvemento de actividades artísticas e plásticas, etc.

10.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

A tipoloxía das necesidades que presenta, en xeral, o alumnado que precisa actividades de recuperación e reforzo, traballando segundo cada caso concreto, é a seguinte: problemas motrices, problemas de atención, problemas de percepción/manipulación e abstracción, de memoria verbal/díxitos, de comprensión/expresión, de inmadurez e/ou autoestima, indicios de posibles alteracións sensoriais (vista, oído), carencias culturais e retraso escolar en xeral.

As actividades de recuperación e reforzo, segundo cada alumno/a en particular, irán enfocadas normalmente aos seguintes campos, tanto se son levadas a cabo polo titor/a, polos mestres/as especialistas ou de apoio: linguaxe oral, grafomotricidade, psicomotricidade fina, aprendizaxe da lectoescritura, comprensión e expresión oral e escrita, problemas concretos de lectoescritura, razoamento, lóxica-matemática, atención e memoria, habilidades sociais e/ou desenvolvemento da autoestima

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A finalidade da atención á diversidade é que o escolar integre coñecementos, actitudes, valores e normas que lle axuden a superar os atrancos que poidan dificultar a súa aprendizaxe, o seu crecemento persoal e a toma de decisións. A atención á diversidade debe valorar e responder ás diferencias individuais e culturais do alumnado evitando calquera tipo de discriminación.

Algunhas medidas a tomar neste curso son: o reforzo educativo, as adaptacións curriculares (un neno repetíu un curso e está pendente da elaboración dunha adaptación durante o 1º trimestre) e actividades de ampliación.

O **reforzo educativo** dirixirémolo ao alumnado que presente un desfase curricular que pode ser transitorio. Esta medida farase dentro da mesma aula de forma individual ou en pequeno grupo. Esta modificación mínima do currículo afecta á secuenciación e organización de contidos, as actividades, aos agrupamentos e o uso de estratexias didácticas, metodolóxicas e recursos adecuados ao momento e a situación de ensinanza-aprendizaxe concreta.

As modificacións serán elaboradas e desenvolvidas polo docente que imparta a materia na que o escolar precise o reforzo e/ou profesores especialistas. Dentro deste apartado incluírse tamén os apoios externos na aula e excepcionalmente fóra da aula. Confeccionaranse e aplicaranse ao longo de cada trimestre en función das necesidades de atención á diversidade que vaian manifestando os alumnos/as en cada aprendizaxe.

Teranse en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/ás. Non todos os nenos/ás aprenden ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en diversos materiais para que teña cada vez un sentido e a repetición non aburra.

Para aqueles alumnos que rematan pronto e para os que mostran máis habilidade contamos en cada unidade con diversas actividades de **ampliación**, en forma de xogos matemáticos, fichas de lectura, escritura e cálculo. Ademais, cun recanto na aula con xogos e actividades opcionais e extra, que poden ser realizadas segundo conveñan ao desenvolvemento da clase.

As Adaptacións Curriculares Significativas (ACs) son medidas extraordinarias de atención a diversidade que afectan aos elementos prescritivos do currículo. Son elaboradas polo mestre que imparte a área de coñecemento e ten como fin adaptar os distintos contidos, criterios e estándares para favorecer que un alumno alcance os coñecementos establecidos na mesma, facilitando que alcance unas aprendizaxes mínimas para a súa vida e formación. Neste caso, prevéese que durante este curso o mestre-titor elabore unha adaptación curricular a un neno na maioría das áreas.

12.- PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores é unha tarefa complexa que se debe desenvolver ao longo das diferentes etapas educativas e en todas as áreas. Deste xeito será tratada e enfocarámola dende as seguintes premisas:

- O diálogo e a comunicación como instrumentos de uso.
- A implicación de toda a comunidade educativa
- A inmersión dos alumnos en situacións que os fagan reflexionar.
- A resolución de conflitos de forma dialogada e pacífica.
- A autoreflexión, a relaxación e o autocontrol do corpo e as emocións negativas e a impulsividade irreflexiva.

Educación moral e cívica:

Debe facilitar no alumno a análise das normas sociomorais vixentes e a busca de fórmulas xustas de convivencia.

Educación para a Paz:

Débase centrar nos valores de tolerancia, respecto á diversidade, capacidade de diálogo e de participación social (empézase por ámbitos máis reducidos como o colexio), e tamén no desenvolvemento da autonomía e a autoafirmación.

Educación para a saúde:

Débase formular a través de actividades que permitan relacionarse positivamente co ámbito físico, biolóxico e sociocultural, así como mellorar o funcionamento do propio organismo. Os hábitos saudables axudarán a unha evolución equilibrada.

Educación ambiental:

O seu obxectivo é capacitar o alumno para comprender as relacións que existen co medio en que se desenvolve e que aprenda a ser responsable ante os perigos ambientais que nos rodean.

Educación para a solidariedade:

Trátase de axudar os alumnos a tomar conciencia de que os conflitos son procesos naturais que se deben resolver mediante o diálogo. Iso supón aceptar ao outro cos seus dereitos, mostrándose solidario con outros pobos, as súas linguas e culturas.

Educación do consumidor

O obxectivo debe ser axudar o alumno a formularse interrogantes sobre a súa condición de consumidor (a partir da experiencia) e a buscar criterios obxectivos para as súas adquisicións.

13.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Ó longo do curso realizaremos unha serie de propostas e actividades que contribúan al plan lector e o proxecto do centro:

- Prepararase unha sinxela biblioteca de aula, con fondos doados dos alumnos/as e do centro, para fomentar o seu uso.
- Recordarase ao alumnado que ten a súa disposición a biblioteca do Centro, divulgando o seu uso e motivando os empréstitos.
- Fomentarase o uso das TIC en relación co fomento da lectura.
- Traballarase a lectura e a escritura cun enfoque **funcional e de lecer**.

- Ler textos de diferentes tipos e xéneros: comics, revistas, textos explicativos dos libros de texto...
- Crear carteis, marcapáxinas, postais, debuxos, ... de animación á lectura.
- Ler pequenos contos en formato dixital.
- Ler un conto na casa e despois no cole contarllo aos demais.
- Ilustrar un conto.
- Buscar un final ou un comezo dun conto
- Inventar, redactar e leer un conto de creación propia.

14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Ó longo do curso realizaremos actividades que contribuirán ó plan TIC do centro:

- Utilización da aula de informática como mínimo unha vez por semana.
- Utilización dos demais recursos TIC do Centro: en formato cd, audio, video...
- Traballo colaborativo co uso das TIC.
- Utilizar de xeito básico o PC.
- Aprender un vocabulario básico de informática
- Coñecer e manexar axeitadamente o rato e o teclado.
- Reforzar e ampliar coñecementos con programas lúdico-didáticos.
- Utilización do ordenador como ferramenta de traballo e búsqueda de información.
- Mostrar interese e disfrutar coas diferentes aplicacións informáticas.

15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dadas as características do alumnado de 9 a 10 anos, o papel da titoría endéndese como marco de referencia das intervencións do profesorado e consideramos que a educación das emocións e dos sentimentos a través da **reflexión** é a base sobre a que se debe fundamentar a convivencia.

A estas idades o papel do afectivo é moi importante na relación entre o profesorado e o alumnado e debe establecerse nunha dimensión de reciprocidade, pero establecendo sempre de forma clara o rol de cada quen.

A convivencia cotiá nun colexio está chea de actitudes e accións que se repiten constantemente e que é preciso atender, reflexionar sobre elas e corrixir con eficacia para crear no alumnado hábitos positivos de relación cos demais. O profesorado debe poñer o maior interese en unificar criterios para non producir desorientación no alumnado e pedir a colaboración das familias sempre que sexa necesario.

Estes hábitos podemos enfocalos desde tres puntos de vista:

- O respecto polas persoas (un mesmo/a, compañeiros/as e profesorado), potenciando actitudes correctas e desterrando as agresións, tanto físicas como verbais.

- O respecto polas instalacións, mobiliario e material.

- A actuación do profesorado.

En Cuarto de primaria propoñemos:

a) Autoestima:

- Dialogar individualmente co alumno/a sempre que sexa preciso.

- Realizar eloxios cando o alumno/a ou o grupo fan as cousas ben.

- Transmitirlle claramente ó alumno/a que é aceptado.

- Demostrar cariño e emocións positivas.

- Darlles oportunidades de que se expresen creativamente.

- Crear un clima de confianza e apoio.

- Evitar comparacións, insultos, sobreprotección,...

b) Desenvolvemento social:

- Organizar actividades de "acollida" cando hai algún alumno/a novo na aula (tanto de nova matriculación como repetidores).

- Falar dos dereitos e deberes do alumnado, normas de réxime interior, disciplina e funcionamento do centro en xeral.

- Ser puntuais, tanto o alumnado coma o profesorado en entradas, saídas e cambios de clase..

- Pedir as cousas por favor, dar as grazas,...

- Aprender a saudar e despedirse.
- Disculparse cando se moleste a outra persoa.
- Respectar o turno da palabra e aprender a escoitar.
- Non saír da aula sen permiso e, moito menos, do colexio.
- Respectar as propiedades dos demais (material escolar, xoguetes,...) e non collelos sen permiso.
- Camiñar e falar con normalidade nos pasillos e escaleiras e non correr, empurrar, berrar,...
- Xogar con tento, tendo coidado de non ser violento cos compañeiros/as, especialmente cos máis pequenos/as.
- Falar nunha linguaxe e tono adecuados, sen berrar nin utilizar palabras agresivas ou malsoantes.
- O profesorado debe sempre predicar co exemplo.
- Se algún alumno/a ten algunha queixa ou reclamación deberá facela seguindo o seguinte orde: profesor/a afectado/a, titor/a, xefatura de estudos e dirección.

c) Relación coas familias:

- Nas entrevistas e reunións débese ser puntual, dialogante, sincero, claro, respectuoso, etc.
- Salientar a importancia dos hábitos de hixiene, de alimentación, de estudio, etc.
- Debemos facer partícipes aos pais/nais dos aspectos mencionados nos apartados a) Autoestima, e b) Desenvolvemento social.

16- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Accións de contribución ao Proxecto Lingüístico adoptadas polo Segundo Ciclo:

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc., relacionados co ciclo.
- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno.
- Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan coas familias e co alumnado.
- Ter ben dotada de libros en galego as bibliotecas de aula, fomentando o seu uso e a súa lectura.
- Utilizar todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións impresas, etc.

- Implicación afectiva do profesorado dentro e fóra da aula hacia o uso do galego.
- Organización de actividades de fomento de lectura adaptadas a cada grupo-clase.
- Proxección de películas en galego.
- Audicións de música galega.
- Recomendar ó alumnado programas de TV e películas nas que se preste unha atención especial ó uso da lingua galega.
- Participación da Semana das Letras Galegas.
- Participación na elaboración do Xornal Escolar.
- Outras actividades que aparezan ao longo do curso.

17.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Elexiranse aquelas actividades que poidan ser do maior interese ao alumnado, tratando de facer, cando menos, unha saída cada trimestre, ademais de posibles actividades complementarias a levar a cabo no centro.

Tamén se celebrarán tres **festivais** ó longo do curso ca participación de toda a Comunidade Educativa: Nadal, Entroido e Festival das Letras Galegas. Vanse conmemorar datas significativas coma o Magosto, Samaín, Día da Paz, Día do Libro, Día das Letras Galegas.

Para todas as conmemoracións se Terán en conta as medidas establecidas no Protocolo COVID-19 do centro, así como a situación epidemiolóxica.

18.- ACTUACIÓNS A TER EN CONTA POLO COVID-19

Para levar a cabo esta programación no curso escolar 21-22, débese ter en conta a actual situación epidemiolóxica da sociedade en relación co COVID-19. Así mesmo, partindo do Protocolo COVID-19 do centro, estableceranse diversas vías de comunicación entre o alumnado-familia-escola no caso de que un neno/a deba permanecer en situación de confinamento debido ao virus por un periodo de tempo.

Por una banda, dende o centro ofrécese unha Aula Virtual a través da cal traballar os distintos contidos. Tamén dispoñen dun blogue de aula de fácil manexo. A través da vía telefónica e de programas que permiten a realización de videochamadas (CISCO-Webex) tratarase de estreitar a comunicación e resolver dúbidas.

A páxina web so centro tamén se utilizará para transmitir toda aquela información xeral á comunidade educativa.

19.- PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Realizarase unha avaliación continua da programación segundo se vaia desenvolvendo o curso, aplicando as medidas correctivas que se estimen necesarias. O profesorado reunirse, cando menos, unha vez cada trimestre para facer unha valoración. Os criterios cos que aplicaremos esta avaliación estarán en función do que razoablemente se poida esperar do alumnado, pero incluírá sempre os seguintes elementos:

- rendemento do alumnado en función das súas posibilidades
- progreso, entendido como a relación entre o progreso actual e o rendemento no trimestre, ou no curso anterior
- metas, entendidas como os mínimos esixibles para todo o alumnado

No caso de que a programación non cumprise cos obxectivos previstos, iremos facendo as correccións necesarias e as propostas correspondentes de mellora.

Todo aquilo que sexa mellorable recollerase nas memorias como recomendación para o vindeiro curso 2022/2023.